

PLAN DE IGUALDADE

CPI de Cova Terreña



Outubro 2025

Índice

1. Introducción.....	3
2. Contextualización do centro e normativa.....	4
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.....	6
3.1 Alumnado. Memoria do curso 2024-25.....	6
3.1.1 Resultados académicos en Educación Infantil segundo o sexo.....	6
3.1.2 Resultados académicos, por sexos, en Educación Primaria.....	6
3.1.3 Resultados académicos, por sexos, na Avaliación ordinaria en Educación Secundaria Obligatoria.....	8
3.1.4 Resultados académicos, por sexos, nas materias pendentes en Educación Secundaria Obligatoria.....	9
3.1.5 Alumnado, por sexos, que non promociona.....	10
3.1.6 Alumnado, por sexos, proposto para a FP Básica.....	11
3.1.7 Distribución por sexos en canto ao abandono escolar, absentismo, atención domiciliaria, acoso escolar/ciberacoso e protocolo de risco autolítico en Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria.....	11
3.1.8 Distribución por sexos na conflitividade escolar: mediación, faltas de conduta e apertura de Procedementos correctores en Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria.....	11
3.1.9 Iniciativas executadas durante o ano escolar 2024-25.....	12
3.1.10. Participación en actividades e programas durante o ano escolar 2024-25.....	16
3.2 Alumnado. Datos do ano académico 2025-26.....	17
3.2.1 Distribución por sexos.....	17
3.2.2 Distribución, por sexos, das Necesidades Especificativas de Apoio Educativo.....	18
3.2.3 Delegados/-as de curso.....	19
3.3 Profesorado. Diagnose do curso 2025-2026.....	19
3.3.1 Distribución do profesorado por sexos.....	19
3.3.2 Distribución, por sexos, do equipo directivo.....	19
3.3.3 Distribución dos xefes/-as de Departamento de ESO por sexos.....	19
3.3.4 Distribución, por sexos, dos coordinadores/-as de Ed. Infantil e de ciclo en Ed. Primaria.....	20
3.3.5 Distribución, por sexos, dos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	20
3.3.6 Distribución do Consello Escolar por sexos.....	20
3.3.7 Distribución, por sexos, da figura da titoría en Ed. Infantil, Primaria e Secundaria.....	20
3.3.8 Distribución, por sexos, do persoal non docente (administrativos/-as, subalternos, coidadores/-as e auxiliar de conversa).....	20
3.4. Diagnose do espazo do patio.....	21
4. Obxectivos.....	22
4.1. Obxectivos xerais.....	22
4.2 Obxectivos Específicos.....	23
a) Alumnado:.....	23
b) Profesorado:.....	23
c) Familias:.....	24
5. Propostas de actuación para o curso 2025-26.....	25
5.1. Propostas xerais.....	25
5.2. Propostas específicas para o tempo de recreo.....	26
5.3. Propostas de ciclos e departamento para o curso 2025-2026.....	27
5.3.1. Participación en actividade e programas:.....	30

1. Introducción

Desde o ano 2000, a igualdade de xénero é un aspecto primordial do labor do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), dos seus socios da ONU e do resto da comunidade global, rexistrándose avances extraordinarios. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aséntansen nestes logros para garantir a fin da discriminación a mulleres e nenas en todo o mundo. Os obstáculos máis difíciles de superar, e que aínda persisten, son a violencia e a explotación sexual, a división desigual do traballo non remunerado -tanto doméstico como no coidado doutras persoas- e a discriminación na toma de decisións no ámbito público.

A igualdade de xénero é uno dos 17 Obxectivos Globais da nova *Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible*. Apoderar as mulleres e promover a igualdade de xénero (obxectivo número 5) é fundamental para acelerar o desenvolvemento sostible. Poñer fin a todas as formas de discriminación contra mulleres e nenas, contra a diversidade na identidade de xénero ou na orientación afectivo-sexual non é só un dereito humano básico, senón que ademais ten un efecto multiplicador en todas as demais áreas do desenvolvemento. Pero non estamos a vivir bos tempos, necesitamos medidas que revertan as desigualdades que sofren as mulleres e as nenas nos ámbitos da saúde, a economía, a seguridade e protección persoal e sexual.

Queda, como se ve, moito que facer. E nesta obriga o sistema educativo ten un papel fundamental, procurando que as potencialidades do alumnado poidan desenvolverse libremente en igualdade, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e por iso somos iguais. O que non resulta igualitario nin xusto é tratar do mesmo xeito a quen son diferentes, nin aplicar modelos que rexeiten as diferenzas: ter o mesmo valor non implica unha uniformidade identitaria. A igualdade admite a diferenza, pero non a desigualdade.

Polo tanto, a finalidade deste proxecto é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual e previr as súas consecuencias. Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbicos, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas os/as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

2. Contextualización do centro e normativa

O CPI de Cova Terreña atópase no centro da vila de Baiona e mantén unha vía directa e fluída de comunicación e actividade co Concello de Baiona, polo que tamén traballamos en colaboración do CIM do mesmo. Dende esta entidade recibimos numerosas propostas de actividades que se adaptan ao noso alumnado, asemade información de interese.

Con respecto á normativa que nos ampara en materia de Igualdade, debemos recordar a lei orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación que contempla, en varios apartados, o tema da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

Non seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

No artigo 17.d “Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade”. Este é un dos obxectivos que se pretenden en Ed. Primaria.

Outro obxectivo, neste caso para a Educación Secundaria Obrigatoria, atópase contemplado no Artigo 23. c “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.

O centro recolle como unha finalidade do seu Plan Xeral Anual (PXA) “adoptar medidas para garantir unha educación para a igualdade entre homes e mulleres, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.”

Ademais, recollemos como unha das funcións da Comisión de Convivencia (NOF do centro) “impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.”

Nesta procura o noso centro escolar na súa **concreción curricular**, nos criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais, recolle para a Educación Primaria, no punto 3, que **“evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas**, así como aqueles que supoñan **discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**. Así mesmo, empregarase **unha linguaxe libre de prexuizos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista**, nos termos establecidos legalmente”.

Continuando con este principio reitor, en Educación Secundaria, os elementos transversais tamén se organizarán do seguinte modo (punto nº 1): “sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, **a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero** e a creatividade traballarán en todas as materias”.

O punto nº2 establece que “en todo caso, fomentaranse de maneira transversal a **igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual**, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais”.

No apartado 3 explícase que “do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade**, o pluralismo político, a paz, a democracia, **o respecto polos dereitos humanos** [...]”.

Non abandonamos a igualdade e, así, no apartado 4 refírese que “**se evitarán os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**”.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia

3.1 Alumnado. Memoria do curso 2024-25

3.1.1 Resultados académicos en Educación Infantil segundo o sexo

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
4º Ed. Infantil	11 alumnos/-as				0 alumnos/-as				11
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	54,50%	5	45,50%	0	0,00%	0	0,00%	
5º Ed. Infantil	17 alumnos/-as				0 alumnos/-s				17
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	41,1%	7	58,9%	0	0,00%	0	0,00%	
6º Ed. Infantil	19 alumnos/-as				0 alumnos/-as				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	52,6%	9	47,4%	0	0,00%	0	100,00 %	

3.1.2 Resultados académicos, por sexos, en Educación Primaria

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
1º Ed.Primaria A	19 alumnos/-as				0 alumnos/-as				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	11	52,60%	8	47,40%	0	0,00%	0	0,00%	
2º Ed.Primaria A	24 alumnos/-as				0 alumno/-a				24
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	41,60%	14	58,40%	0	0,00%		0,00%	

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
3º Ed.Primaria A	18 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	44,40%	10	55,60%	0	0,00%	0	0,00%	
3º Ed.Primaria B	20 alumnos/-as				0 alumnos/-as				20
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	50,00%	10	50,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º Ed.Primaria A	15 alumnos/-as				0 alumnos/-as				15
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	53,30%	7	46,70%	0	0,00%	0	0,00%	
4º Ed.Primaria B	15 alumnos/-as				1 alumno/-a				16
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	60,00%	6	40,00%	0	0%	1	100%	
5º Ed.Primaria A	15 alumnos/-as				0 alumnos/-as				15
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	7	46,60%	8	53,40%	0	0,00%	0	0,00%	
5º Ed.Primaria B	17 alumnos/-as				0 alumnos/-as				17
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	52,9%	8	47,1%	0	0,00%	0	0,00%	
6º Ed.Primaria A	18 alumnos/-as				1 alumno/-a				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	52,60%	8	47%	1	100,00%	0	0,00%	
6º Ed.Primaria B	19 alumnos/-as				0 alumnos/-as				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	47,30%	10	52,7%	0	0,00%	0	0,00%	

3.1.3 Resultados académicos, por sexos, na Avaliación ordinaria en Educación Secundaria Obrigatoria.

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
1º ESO A	24 alumnos/-as				0 alumnos/-as				24
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	12	50,00%	12	50,00%	0	0,00%	0	0,00%	
1º ESO B	22 alumnos/-as				1 alumno/-a				23
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	12	54,54%	10	45,46%	1	100,00%	0	0%	
2º ESO A	24 alumnos/-as				0 alumnos/-as				24
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	37,50%	15	62,50%	0	0,00%	0	0,00%	
2º ESO B	24 alumnos/-as				2 alumnos/-as				26
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	12	50,00%	12	50,00%	0	0,00%	2	100,00%	
3º ESO A	18 alumnos/-as				2 alumnos/-as				20
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	50,00%	9	50,00%	1	50,00%	1	50,00%	
3º ESO B	18 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	50,00%	9	50,00%	0	0,00%	0	0,00%	
3º ESO C	9 alumnos/-as				0 alumnos/-as				9
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	3	33'30%	6	66,70%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO A	23 alumnos*				0 alumnos/-as				23
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	12	52,17%	11	47,83%	0	0,00%	0	0,00%	

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
4º ESO B	18 alumnos/-as				2 alumnos/-as				20
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	55,50%	8	44,50%	2	100,00%	0	0,00%	

* Concedéronse, neste grupo, dúas matrículas de honra, as dúas para alumnas (100%).

3.1.4 Resultados académicos, por sexos, nas materias pendentes en Educación Secundaria Obrigatoria.

Ensinanza	Superación				Non superación				Total alumnado
2º ESO A (materias pendentes de 1º ESO)	4 alumnos/-as				1 alumno/-a				5
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	1	25,00%	3	75,00%	1	100,00%	0	0'00%	
2º ESO B (materias pendentes de 1º ESO)	3 alumnos/-as				3 alumnos/-as				6
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	1	33,30%	2	66,70%	1	33,30%	2	66,70%	
3º ESO A (materias pendentes de 2º ESO)	4 alumnos/-as				1 alumno/-a				5
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	2	50,00%	2	50,00%	1	100,00%	0	0,00%	
3º ESO A (materias pendentes de 1º ESO)	1 alumno/-a				1 alumno/-a				2
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	1	100%	0	0%	0	100%	1	100%	
3º ESO B (materias pendentes de 2º ESO)	3 alumnos/-as				0 alumnos/-as				3
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	0	0,00%	3	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	
3º ESO- PDC (materias pendentes de 2º ESO)	9 alumnos/-as				0 alumnos/-as				9
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	3	33,30%	6	66,70%	0	0,00%	0	0,00%	
3º ESO-	1 alumno/-a				0 alumnos/-as				1

Ensinanza	Superación				Non superación				Total alumnado
PDC (materias pendentas de 1º ESO)									
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	0	0,00%	1	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO A (materias pendentas de 3º ESO)	1 alumno/-a				0 alumno/-a				1
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	0	0,00%	1	100,00%	0	0,00%	0	100,00%	
4º ESO B (materias pendentas de 3º ESO)	5 alumnos/-as				0 alumnos/-as				5
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	1	20,00%	4	80,00%	0	0,00%	0	0,00%	

3.1.5 Alumnado, por sexos, que non promociona

Ensinanza	Alumnas		Alumnos		Total
Ed. Infantil	0	0,00%	0	0,00%	0
1º Ed. Primaria	0	0,00%	0	0,00%	0
2º Ed. Primaria	0	0,00%	0	0,00%	0
3º Ed. Primaria	0	0,00%	0	0,00%	0
4º Ed. Primaria	0	0,00%	1	100,00%	1
5º Ed. Primaria	0	0,00%	0	0,00%	0
6º Ed. Primaria	1	100,00%	0	0,00%	1
1º ESO	1	100,00%	0	0,00%	1
2º ESO	0	0,00%	2	100,00%	2
3º ESO	1	50,00%	1	50,00%	2
3º ESO-PDC	0	0,00%	0	0,00%	0
4º ESO	2	100,00%	0	0,00%	2
TOTAL	5	55,50%	4	44,50%	9

3.1.6 Alumnado, por sexos, proposto para a FP Básica

Ensinanza	Alumnas		Alumnos		Total
ESO	3	75,00%	1	25,00%	4

3.1.7 Distribución por sexos en canto ao abandono escolar, absentismo, atención domiciliaria, acoso escolar/ciberacoso e protocolo de risco autolítico en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria

Ensinanza	Abandono escolar				Absentismo				Atención domiciliaria			
ESO	0 alumnos/-as				2 alumnos/-as				0 alumnos/-as			
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		Mulleres		Homes	
	0	0,00%	0	0,00%	2	100,00%	0	0,00%	0	0%	0	0,00%
Ensinanza	Acoso escolar/ciberacoso											
ESO	2 alumnos/-as											
	Mulleres						Homes					
	1	50%					1	50%				
Ensinanza	Protocolo de risco autolítico											
Educación Primaria	2 alumnos/-as											
	Mulleres						Homes					
	1	50%					1	50%				
ESO	6 alumnos/-as											
	Mulleres						Homes					
	5		83,33%				1		16,67%			

3.1.8 Distribución por sexos na conflitividade escolar: mediación, faltas de conduta e apertura de Procedementos correctores en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria

Ensinanza	Procesos de Mediación			
Ed. Primaria	2 alumnos/-as			
	Mulleres		Homes	
	0	0%	2	100%
	5 alumnos/-as			

ESO	Mulleres				Homes			
	1		20%		4		80%	
Ensinanza	Faltas leves				Faltas graves			
Ed. Primaria	3 alumnos/-as				11 alumnos/-as			
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes	
	0	0,00%	3	100,00%	1	9,10%	10	90,90%
ESO	13 alumnos/-as				10 alumnos/-as			
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes	
	5	38,46%	8	61,54%	3	30,00%	7	70,00%
Ensinanza	Procedementos correctores							
Ed. Primaria	1 alumno/-a							
	Mulleres				Homes			
	0		0,00%		1		100,00%	
ESO	5 alumnos/-as							
	Mulleres				Homes			
	3		60,00%		2		40,00%	

3.1.9 Iniciativas executadas durante o ano escolar 2024-25

En Educación Infantil traballouse a igualdade de xénero coas seguintes actuacións:

- xogos simbólicos
- Xogos de roles.
- Dramatizacións,
- Confección de bonecos de papel salientando a igualdade.
- Debuxos.
- Bailes.
- Visionado de vídeos.
- Lectura de contos.
- Traballar a canción "Igualdad de género", convertido xa nun himno feminista.

En Educación Primaria, concretamente no **Terceiro ciclo**, o alumnado desenvolveu as actividades:

- participación activa nas iniciativas promovidas polo CIM.

-Realización de lecturas e comentario de noticias relacionadas coa temática da igualdade. Os libros traballados foron *Feminino singular, plural* de Concha Blanco, *Descubre todo tu poder* de Jamia Wilson e *Niñas que imaginaron lo imposible (y lo consiguieron)* de Tony Amago.

-Tamén se abordou o machismo na publicidade.

-As mulleres na ciencia tamén foi un eixo rector para a reflexión sobre a igualdade entre xéneros.

En Educación Secundaria desenvolvéronse as seguintes iniciativas, por departamentos didácticos:

O **departamento de Educación Física** artellou dentro do PVAD (Proxecto de Vida Activa e Deportiva) as seguintes actuacións:

- charla dunha xogadora de fútbol gaélico, quen explicou o deporte e as súas características.
- Convivencia de fútbol gaélico en Gondomar formando equipos mixtos.
- Obradoiro de fútbol gaélico, cunha muller monitora e formación de equipos mixtos.
- Participación no programa DAFIS, no que se recolleron datos acerca da condición física dos escolares, prestando unha especial atención ao colectivo feminino. Durante a *Semana da ciencia*, realizada no centro escolar, expuxéronse os datos e a posibilidade de cotexar algún dos parámetros de valoración da condición física.
- Fíxose unha análise do exercicio físico feito por mulleres no centro: horas adicadas, tipos de exercicio, razóns do abandono. Todo a través dunha enquisa enviada ao alumnado.
- Participación no programa XOGADE, onde se realizaron actividades do interese das alumnas.
- Fomento da participación de todo o alumnado en igualdade durante o tempo do recreo, ofertando actividades, materiais e xogos innovadores, nos que todos teñan as mesmas oportunidades.
- Organizáronse diferentes actividades e saídas na procura dunha participación equitativa e en igualdade:
 - Saídas á praia en setembro e en xuño.
 - Torneo de brilé con participación de equipos mixtos.
 - Actividades conmemorativas do Día da Paz.

O departamento de Educación Física desenvolve tamén o proxecto "**Clases sen fume**", que incide especialmente na publicidade enfocada na muller e a súa relación co tabaco. A este respecto adoptáronse as seguintes medidas:

- potenciar a aparición da muller en imaxes e vídeos didácticos.
- Descrición e presentación das actividades co uso gramatical do xénero feminino como forma de discriminación positiva.
- Realización de parellas ou grupos mixtos nas clases como norma xeral.
- Fomentar actividades máis centradas en roles menos competitivos e máis na xestión, solución de problemas ou a cooperación.

O **departamento de Tecnoloxía** levou a cabo o proxecto *Inspira STEAM*, co alumnado de 1º de ESO. Esta iniciativa, impulsada polas Universidades de Vigo e Deusto, enfatiza o papel da muller e fomenta as vocacións STEAM entre o alumnado, especialmente entre as nenas.

O **departamento de Lingua castelá e Literatura** puxo en valor o papel da muller na literatura como suxeito moi activo, traballando, entre outras, lecturas como *El indulto y otros cuentos* de E. Pardo Bazán e *Tristes guerras* de Marina Mayoral. Cando a muller é obxecto, analizamos, en textos literarios profanos e relixiosos de distintas épocas, a súa representación, que, desde a Idade Media, a presenta como ideal de beleza e modelo de conduta, sempre segundo estereotipos herdados culturalmente. Recoñecer estes patróns é o primeiro paso para combatelos.

O **departamento de Bioloxía e Xeoloxía** participou no *Plan Proxecta Quérote+* co alumnado de 3º ESO. Dentro deste programa, o alumnado recibiu unha serie de talleres impartidos por parte do equipo docente e unha charla a cargo de persoal especializado sobre a igualdade, as relacións de grupo e parella, os comportamentos de risco, etc. No día a día na aula, incorpórase de forma transversal a igualdade entre xéneros.

Dende o **departamento de Lingua e Literatura Galega** e Portugués promovéronse as seguintes iniciativas a prol da igualdade, como son

- Tradución colectiva do texto de "Las medias rojas", de Emilia Pardo Bazán, analizando o abuso sufrido por unha muller por parte do seu pai, da inxustiza do trato recibido e da imposibilidade de cumprir o seu soño: emigrar para obter unha vida mellor.
- Adaptación, difusión e teatralización de "Conto Gallego", de Rosalía de Castro, un dos poucos textos en prosa que se conservan da nosa autora e que trata tamén aspectos da violencia psíquica á que se condena á muller do século XIX.
- Incorporación de novos nomes de escritoras galegas, como no caso das Irmandades da Fala ou Irmás da Fala, tal e como aparece no documentario creado pola RAG. Trátase de Micaela Chao, Elvira Bao ou Amparo López, entre outras.
- Análise de textos poéticos e narrativos cun claro contido feminista que traballan a igualdade entre as persoas, como algúns dos relatos incluídos no libro *Made in Galiza*, de Séchu Sendé, en que tamén se fai referencia a aspectos de diglosia e bilingüismo.
- Análise dos recursos narrativos no filme *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro, onde se observa a violencia contra a muller e a súa cousificación, no medio dunha relación entre tres amigos da infancia.
- Difusión de contidos de igualdade e feminismo a través das diversas representacións teatrais que leva a cabo o grupo de teatro do CPI de Cova Terreña, como no caso das comedias *Vaia Camiño!* ou *Adolescencia*.

O **departamento de Relixión Católica** de Secundaria no curso escolar 2024-2025 levou á práctica en todos os cursos da ESO actividades na aula para traballar o obxectivo xeral do "Plan de Igualdade" do centro, relativo a colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa. En concreto, a finalidade foi o fomento dunha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homófobo.

As actividades, en todos os niveis da ESO, estaban enfocadas ao traballo sobre A solidariedade do Compendio da Doutrina Social da Igrexa: a solidariedade expresa a esixencia de darse e gastar o tempo polo ben dos demais, superando toda forma de individualismo e egoísmo. Estudouse este principio tendo en conta:

- a comprensión do significado do principio de solidariedade,
- o valor do diálogo, respecto e colaboración,
- a dignidade da persoa: non discriminación por razón de sexo.

3.1.10. Participación en actividades e programas durante o ano escolar 2024-25

- O día 9 de outubro iniciouse a formación do alumnado no Programa de Mediadores, sistema alternativo de resolución pacífica de desigualdades, para que non acaben en conflito. A formación estendeuse aos días 16 e 17 do mesmo mes.
- Na xornada do 13 de novembro, o alumnado de 3º e 4º de ESO participou no programa *Que non te líen, ti elixes*, artellado polas Consellerías de Cultura, Educación, FP e Universidades e de Promoción do Emprego e Igualdade. A través de charlas e debates -dirixidos por persoal de sectores de produción, tradicionalmente, con escasas participación feminina- pretendeuse rachar coa fenda de xénero, favorecendo unha conciencia libre de estereotipos e prexuízos.
- Do 18 ao 22 de novembro, o alumnado dos seis niveis de Ed. Primaria participa nos talleres de igualdade do programa *Novembro Lila*, promovido pola Concellería de Igualdade do Concello de Baiona. Neste plan, continuación doutros feitos en anos pasados, incídese de novo en aspectos tan esenciais para a igualdade como corresponsabilidade e a sensibilización.
- Para conmemorar o 11 de febreiro, *Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia*, desenvolvéronse diversas actividades (o venres 7 para 1º e 2º ESO e o día 20 para 3º e 4º ESO). En todas elas alentou o principio que levou Asamblea Xeral das Nacións Unidas a proclamar esta data en 2015: recoñecer o papel clave que desempeñan as mulleres na ciencia e na tecnoloxía e promover a igualdade de xénero nas áreas STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), rompendo así estereotipos.
- En febreiro (días 10, 18 e 27) e marzo (xornadas do 10 e o 27) implementouse, entre os discentes de 1º de ESO, o *Programa Inspira Steam*, proxecto pioneiro da Universidade de Vigo, que persegue rematar coa brecha de xénero fomentando a vocación científico-tecnolóxica entre as nenas. Este programa, dirixido especialmente as mozas, baséase en accións de sensibilización e orientación que imparten mulleres, e tamén homes, profesionais do mundo da investigación, a ciencia e a tecnoloxía.
- O día 7 de marzo, o alumnado de 4º de Ed. Primaria asistiu ao obradoiro *O papel da muller* e xa o luns 10, a 4º uníronse os niveis de 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria para continuar traballando a igualdade con actividades diversas. O día 11, 3º ciclo de Ed. Primaria afondou na súa formación participando no *Obradoiro de Igualdade*.

- Participación do *Comando Cova* no IV Encontro de Comandos de Igualdade da provincia de Pontevedra, celebrado no *Verbum* de Vigo o 16 de maio. Alí, xunto a outros comandos e mediante talleres e conferencias, alumnado e profesorado educáronse en igualdade de xénero para concienciar e loitar contra a violencia de xénero e a ideoloxía machista.
- No mes de xuño, os niveis de 3º e 4º de ESO asistiron á charla *Violencia sobre a muller*.
- Desde o primeiro trimestre e con desenvolvemento ao longo de todo o curso, iniciouse, un ano máis, a actividade interdisciplinar *Quérote+* para o alumnado de 3º de ESO. Este programa, incluído no Plan Proxecta, e levado a cabo pola maioría do profesorado deste nivel, artéllase nun conxunto de obradoiros que, traballando a orientación e identidade sexual, promoveu modelos de relacións afectivo-sexuais respectuosas.

3.2 Alumnado. Datos do ano académico 2025-26

3.2.1 Distribución por sexos

Ensinanza	Mulleres		Homes		Total
4º Educación Infantil	7	63,63%	4	36,37%	11
5º Educación Infantil	6	50,00%	6	50,50%	12
6º Educación Infantil	10	58,82%	7	41,18%	17
1º de Educación Primaria	12	57,14%	9	42,86%	21
2º de Educación Primaria	11	55,00%	9	45,00%	20
3º de Educación Primaria	10	41,66%	14	58,34%	24
4º de Educación Primaria	17	44,73%	21	55,27%	38
5º de Educación Primaria	18	56,25%	14	43,75%	32
6º de Educación Primaria	18	51,42%	17	48,58%	35
1º ESO	29	50,00%	29	50,00%	58
2º ESO	25	53,19%	22	46,81%	47
3º ESO	22	44,89%	27	55,11%	49
4º ESO	18	48,64%	19	51,36%	37
4º ESO-PDC	4	40,00%	6	60,00%	10
TOTAIS	207	50,48%	204	49,75%	410

3.2.2 Distribución, por sexos, das Necesidades Especificativas de Apoio Educativo

Ensinanza	Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo				Total alumnado
	Mulleres		Homes		
4º Ed. Infantil	0	0,00%	1	100,00%	1
5º Ed. Infantil	0	0,00%	0	0,00%	0
6º Ed. Infantil	2	50,00%	2	50,00%	4
1º Ed. Primaria	2	33,33%	4	66,67%	6
2º Ed. Primaria	1	33,33%	2	66,67%	3
3º Ed. Primaria A	0	0,00%	5	100,00%	5
3º Ed. Primaria B	0	0,00%	4	100,00%	4
4º Ed. Primaria A	3	50,00%	3	50,00%	6
4º Ed. Primaria B	0	0,00%	6	100,00%	6
5º Ed. Primaria A	2	40,00%	3	60,00%	5
5º Ed. Primaria B	4	66,67%	2	33,33%	6
6º Ed. Primaria A	4	57,00%	3	43,00%	7
6º Ed. Primaria B	5	55,00%	4	45,00%	9
1º ESO A	7	70,00%	3	30,00%	10
1º ESO B	8	61,50%	5	38,50%	13
2º ESO A	2	66,67%	1	33,33%	3
2º ESO B	4	45,00%	5	55,00%	9
3º ESO A	0	0,00%	3	100,00%	3
3º ESO B	6	86,00%	1	14,00%	7
4º ESO A	2	40,00%	3	60,00%	5
4º ESO B	0	0,00%	0	0,00%	0
4º ESO C	4	40,00%	6	60,00%	10
TOTAL	56	45,90%	66	54,10%	122

3.2.3 Delegados/-as de curso

Ensinanza	Mulleres		Homes		Total
5º Educación Primaria	2	100%	0	0,00%	2
6º Educación Primaria	1	50,00%	1	50,00%	2
1º ESO	1	50,00%	1	50,00%	2
2º ESO	0	0,00%	2	100,00%	2
3º ESO	0	0,00%	2	100,00%	2
4º ESO	1	33,33%	2	66,67%	3
TOTAL	5	38,46%	8	61,54%	13

3.3 Profesorado. Diagnose do curso 2025-2026

3.3.1 Distribución do profesorado por sexos

	Mulleres		Homes		Total
Mestres/-as	17	75,00%	6	25,00%	23
Mestra compartida de Ed. Primaria	1	100,00%	0	0,00%	1
Profesorado ESO	13	59,09%	9	40,91%	22
Profesorado compartido de ESO	1	100,00%	0	0,00%	1
TOTAL	32	68,08%	15	31,92%	47

3.3.2 Distribución, por sexos, do equipo directivo

	Mulleres		Homes		Total
Equipo directivo	4	100,00%	0	0,00%	4

3.3.3 Distribución dos xefes/-as de Departamento de ESO por sexos

	Mulleres		Homes		Total
Xefe/-a de Departamento	9	64,28%	5	35,72%	14

3.3.4 Distribución, por sexos, dos coordinadores/-as de Ed. Infantil e de ciclo en Ed. Primaria

	Mulleres		Homes		Total
Coordinador/-a	3	75,00%	1	25,00%	4

3.3.5 Distribución, por sexos, dos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica

	Mulleres		Homes		Total
Comisión Coord. Pedagóxica	15	65,21%	8	34,79%	23

3.3.6 Distribución do Consello Escolar por sexos

	Mulleres		Homes		Total
Consello Escolar	12	75,00%	4	25,00%	16

3.3.7 Distribución, por sexos, da figura da titoría en Ed. Infantil, Primaria e Secundaria.

Titorías	Mulleres		Homes		Total
Ed. Infantil	3	100,00%	0	0,00%	3
Ed. Primaria	7	70,00%	3	30,00%	10
ESO	7	77,70%	2	22,30%	9

3.3.8 Distribución, por sexos, do persoal non docente (administrativos/-as, subalternos, coidadores/-as e auxiliar de conversa)

	Mulleres		Homes		Total
Persoal administrativo	1	100,00%	0	0,00%	1
Persoal subalterno	1	50,00%	1	50,00%	2
Coidadores/-as	1	100,00%	0	0,00%	1
Auxiliar de conversa	1	100,00%	0	0,00%	1

3.4. Diagnose do espazo do patio

Os patios dos centros escolares continúan a ser ferramentas dun profundo valor educativo. Moitas veces non se lles dá o xusto valor que conteñen polo seu sentido menos normativo. A súa ruptura co carácter académico da aprendizaxe na aula sitúa este espazo nunha illa onde os docentes, semella, non debemos intervir. O recreo non conta para nota, podería ser o resume que definiría esta situación. Porén, nestes espazos os/as estudantes móstranse ao natural; póñense de relevo que actividades prefiren, como se relacionan, que linguaxe empregan, as súas inquiredanzas, os seus prexuízos...

A información que proporciona o patio durante os recreos é variada:

- O alumnado moitas veces sen normas, inventa, polo costume, unhas propias: que deporte se practica nese espazo e quen pode practicalo (que sexo e de que idade).
- Práctica de actividades de demostración de forza pouco inclusivas, que provocan un clima pouco acolledor do espazo e xeran situacións de risco para o resto do alumnado e profesorado.
- Formas de ocupación do espazo: os nenos amplían os seus dominios, mentres as nenas ven diminuídos os seus a zonas máis tranquilas e reducidas.
- A linguaxe empregada pon de manifesto condutas que na aula se controlan: linguaxe machista, homófobo, xenófobo...
- As condutas durante o propio xogo: agresividade, volume de voz excesivo, copia de modelos de deportivos en boga, desprezo ao outro...
- A situación de marxinación nas actividades na que se ven abocados algúns individuos por diversas causas.
- O carácter inclusivo de algúns xogos e o carácter excluínente doutros.
- A incapacidade de xestionar eles mesmos o seu propio xogo dunha forma xusta e inclusiva, onde todo o mundo teña cabida e non só os máis habilidosos.
- A necesidade de contar coa presenza do profesorado para regular e xestionar algunhas actividades e condutas.
- O afastamento do pavillón dunha parte dos escolares por diversas causas, algunhas coñecidas e outras por coñecer (polo tipo de actividades, polas condutas...)
- O temor ou inhibición, especialmente dalgunhas nenas, a participar nas actividades que se propoñen desde o departamento de Educación Física, se o profesor non está presente.

4. Obxectivos

4.1. Obxectivos xerais

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos que permita realizar, na medida do posible, actividades grupais, situacións de comunicación e repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Implicar aos responsables nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivosexual e familiar.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o NOF e o Plan de Acción Titorial.
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado.

4.2 Obxectivos Específicos

a) Alumnado:

- Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón, tanto para os homes como para as mulleres, a asignación de roles por condicións de sexo.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara as mozas e os mozos.
- Respecto e desfrute, en conxunto das normas dos espazos de lecer que compartan baixo criterios de equidade, respecto aos demais e ao medio, aberto á participación independentemente da idade e do sexo.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.

b) Profesorado:

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivosexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homofóbico e transfóbico.
- Ser exemplo de respecto, linguaxe inclusiva e non sexista.

c) Familias:

- Reflexionar co alumnado sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Permitir que o alumnado teña as afeccións que desexe e escolla os traballos que lle gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ao alumnado independentemente do sexo.

5. Propostas de actuación para o curso 2025-26

As iniciativas que a continuación referimos son propostas de actuación que, de xeito colectivo, desenvolveranse nos patios, nas aulas... en calquera dependencia do centro e nos fogares do noso alumnado, coa fin de que se exporte do mundo escolar á súa realidade social e cotiá, onde aínda sobreviven modelos ancestrais de relación, baseados no dominio e na submisión, que se reproducen, xeración tras xeración, a través de mecanismos fondamente arraigados. Este é o pulo que nos anima a traballar na construción dunhas relacións interpersoais -e, polo tanto, dunha sociedade-baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.

5.1. Propostas xerais

- Favorecer un uso da linguaxe non sexista nin heterosexista:
 - Usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula.
 - Revisaran e modificar, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista, que garanta a eliminación dos prexuízos culturais e os estereotipos sexistas discriminatorios.
 - Revisión da linguaxe utilizada na aula e a que aparece nos libros, eliminando, o sexismo e a LGBTIfobia onde os haxa.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista, a LGBTIfobia,... con asociacións especializadas.
- Levar a cabo actividades para coñecer a presenza feminina en todos os campos da cultura, a arte, a ciencia, o deporte e a vida cotiá para poder valorar as importantes achegas que fixeron e seguen facendo as mulleres á sociedade. Preténdese que o recoñecemento leve á valoración e ao respecto.
- Visibilizar elementos de desigualdade de xénero na comunidade educativa, a súa evolución no centro, así como deseñar as intervencións que os corrixan.
- Contribuír a erradicar a violencia de xénero, tanto promovendo actuacións encamiñadas á sensibilización, visibilización e prevención desta lacra, como fomentando a detección precoz e a intervención ante este tipo de violencia ámbito educativo.
- Orientación da acción tutorial na ESO cara aos obxectivos dunha educación non sexista e concienciadora traballando o autoconcepto e a autoestima. Sería interesante nesta liña levar a cabo obradoiros de educación afectivo-sexual.
- Repartición equitativa das tarefas entre o alumnado para que adquiran unha maior autonomía social para a igualdade de xénero.

- Colaborar activamente co CIM do Concello de Baiona con actividades adaptadas ao alumnado.
- Propoñer ao Claustro que na realización de actividades grupais -tanto na aula como en casa- os grupos de alumnos/-as sexan proporcionais na distribución por sexos.
- En actividades anuais -como a celebración do Magosto- fomentarse a superación de retos en grupos mixtos, gardando sempre a preceptiva distancia social.
- Nas distintas dependencias do centro, colocación de murais e carteis que recollan e salienten o papel da muller en todas as disciplinas: a deportiva, a científica, a literaria, a artística...
- Resolución de conflitos que xurdan derivados da condición de xénero, sempre mediante a reflexión, a mediación, o debate e a busca de consenso.
- Realización de determinadas actividades coincidindo con datas sinaladas, como o 25 de novembro, *Día internacional contra a violencia de xénero*, e 8 de marzo, *Día internacional da Muller*, coa fin de sensibilizar e concienciar ao alumnado sobre cuestións relativas á desigualdade, especialmente sobre a lacra social do maltrato feminino.
- Buscarase a paridade na organización dos tempos, espazos, instalacións e recursos materias do centro. Neste sentido, merecen especial mención o recreo e o patio.
- Pretenderase a formación dos membros do claustro na materia de identidade de xénero e orientación sexual, para poder coñecer identidades sexuais, que inclúan persoas LGBTIQ+. Deste xeito, detectaranse e combateranse situacións do acoso por razóns de discriminación sexual (homotransfobia e heterosexismo).
- A dirección do centro, xunto co departamento de Orientación, formula, como esencial, a prevención de violencia de xénero. É preciso erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidación ou calquera outra estratexia de coacción. Convén visualizalo sinalando tamén exemplos concretos do que se denominou "micromachismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizá lexitimados pola contorna social, pero que supoñen unha sutil violencia contra as mulleres e constitúen unha deplorable forma de acoso. Por iso é fundamental aprender a mirar e educar na detección de posibles casos de abusos ou malos tratos. É preciso sinalar como percibir actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre os modos de reaccionar, tanto no caso de vítimas como de quen poida ser testemuñas ou observadores. Dedicarase especial atención á detección precoz da violencia física ou psicolóxica, tanto no ámbito escolar como no familiar.

5.2. Propostas específicas para o tempo de recreo

- Continuar e mellorar as normas no uso do espazo, onde todo o mundo poida participar en igualdade de oportunidades de todo o espazo de recreo.
- Definir que tipo de actividades se poden practicar nos recreos.
- En celebracións como a do Magosto, o alumnado terá que superar retos en grupos mixtos por etapas educativas.

- Colocación de carteis no pavillón de diferente temática, por exemplo con referencias ao deporte feminino, aos retos grupais, a normas de uso,...
- Permitir que o alumnado manifeste os seus intereses sobre que actividades ou xogos son do seu interese, facendo un especial fincapé nos xogos femininos.
- Xa delimitados nos patios os espazos das diferentes actividades e xogos, desenvolver sen prexuízo todas as accións de lecer, independentemente do sexo ou a idade do alumnado.
- Fomentar un uso correcto da linguaxe durante o xogo: coidar a expresión oral e a linguaxe corporal, as palabras usadas recapacitando sobre a imitación de modelos de conduta.
- Impulsar o xogo limpo, buscando fórmulas de afinidade entre o alumnado: substituír o apretón de mans antes e despois do xogo por un aceno colocando a man sobre o peito, crear fórmulas de cortesía para falar co/-a árbitro...
- Incentivar a arbitrase autónoma por parte do alumnado coma unha parte máis da súa formación, baixo un clima de respecto e cordialidade.
- Fomentar a xestión autónoma das actividades por parte do alumnado, onde eles mesmos se responsabilicen da colocación e recollida do material, sempre baixo a supervisión dun docente.
- Integrar no espazo ás nenas, con actividades de carácter mixto.
- Presentar novos tipos de deportes, xogos ou actividades para tentar cubrir o amplo abano de preferencias do alumnado.
- Explorar novas formas de xogos a través da cooperación en forma de retos, onde o alumnado busque a cooperación por enriba da competición.
- Potenciar o xogo e o deporte feminino como método de discriminación positiva: zonas exclusivas de uso, presenza de mulleres nos equipos para poder levar a cabo a actividade...

5.3. Propostas de ciclos e departamento para o curso 2025-2026

En Educación Infantil está programado traballar a igualdade de xénero coas seguintes actuacións:

- xogos simbólicos
- Xogos de roles.
- Dramatizacións,
- Confección de bonecos de papel salientando a igualdade.
- Debuxos.
- Bailes.
- Visionado de vídeos.
- Lectura de contos-
- Traballar a canción "Igualdad de género", convertido xa nun himno feminista.

En Educación Primaria o terceiro ciclo ten previsto levar a cabo as seguintes iniciativas:

- continuar a participar e facer ao alumnado protagonista nas propostas do CIM.
- Levar a a cabo un rastrexo de noticias que abordan o tema da igualdade con

espírito crítico.

-Realización de lecturas e comentario de noticias relacionadas coa temática da igualdade. Os libros que se comentarán son *Feminino singular, plural* de Concha Blanco, *Descubre todo tu poder* de Jamia Wilson e *Niñas que imaginaron lo imposible (y lo consiguieron)* de Tony Amago.

-Participar, un ano máis, no proxecto *Inspira STEAM*, que -desde a Universidade de Vigo- promociona vocacións científicas e tecnolóxicas entre o alumnado e, de modo urxente, entre as mozas. Este curso 2025-26, no nivel e 6º de Ed. Primaria.

No tramo de Educación Secundaria Obligatoria para este ano académico, programamos as seguintes actuacións, que agardamos se vexan incrementadas durante o discorrer do curso:

- Desde o **departamento de Educación Física** están previstas as seguintes iniciativas, inscritas no Programa PVAD:
 - manter a dinámica das charlas de mulleres deportistas.
 - Continuar coa divulgación en diferentes formatos (vídeos, carteis...) das mulleres deportistas e a normalización da realización de actividades físicas.
 - Fomentar e facilitar o acceso á realización de actividade física durante o tempo de lecer.
 - Incentivar a participación no programa XOGADE.
 - Facer a valoración das probas DAFIS e extraer conclusións dos resultados que atinxen ao sexo feminino.
 - Facer enquisas da actividade física feminina e a súa participación nas actividades do centro.
 - Afrontarase, este ano escolar, a limitación de espazos de xogo. Dividirase o lugar dispoñible no que todo o mundo teña cabida. Esta medida tentará aplicarse aos cursos de Educación Primaria.
 - Preguntaranse e escoitaranse as inquedanzas das alumnas.
 - Ofertaranse actividades variadas e innovadoras.
 - Farase unha especial énfase na actividade das mulleres, facilitando espazos e fomentando o incremento da súa actividade física efectiva diaria ao longo do horario lectivo.
 - Potenciar a aparición da muller en imaxes e vídeos didácticos.
 - Descrición e presentación das actividades co uso gramatical do xénero feminino como forma de discriminación positiva.
 - Realización de parellas ou grupos mixtos nas clases como norma xeral.
 - Buscaranse actividades máis centradas en roles menos competitivos e máis na xestión, solución de problemas ou a cooperación.
 - En colaboración coa Biblioteca, o departamento de Educación Física artellou, para o 16 de outubro, a visita o centro educativo da autora Montse Fajardo, quen, no seu relatorio para o alumnado de 4º ESO, ofrecerá un achegamento ao funcionamento en Galicia do "Patronato de Protección a la Mujer", institución

franquista que, entre 1941 e 1985, internou en institucións relixiosas a miles de mozas por térense afastado do modelo único de nai e esposa imposto pola ditadura. Ao redor desta actividade tamén se realizará unha exposición coas obras coas que conta a biblioteca do centro.

- O **departamento de Bioloxía e Xeoloxía** súmase, de novo este ano, na participación no *Plan Proxecta Quérote+*, que fomenta as relacións de igualdade e traballa con supostos que pretenden fomentar unha actitude de respecto cara os demais.
- Dende o **departamento de Lingua e Literatura Galega** e Portugués programamos levar a cabo as seguintes iniciativas:
 - Tradución colectiva do texto de "Las medias rojas", de Emilia Pardo Bazán, analizando o abuso sufrido por unha muller por parte do seu pai, da inxustiza do trato recibido e da imposibilidade de cumprir o seu soño: emigrar para obter unha vida mellor.
 - Adaptación, difusión e teatralización de "Conto Gallego", de Rosalía de Castro, un dos poucos textos en prosa que se convengan da nosa autora e que trata tamén aspectos da violencia psíquica á que se condena á muller do século XIX.
 - Incorporación de novos nomes de escritoras galegas, como no caso das Irmandades da Fala ou Irmás da Fala, tal e como aparece no documental creado pola RAG. Trátase de Micaela Chao, Elvira Bao ou Amparo López, entre outras novas que vaian aparecendo.
 - Análise de textos poéticos e narrativos cun claro contido feminista que traballan a igualdade entre as persoas, como algúns dos relatos incluídos no libro, *Made in Galiza*, de Séchu Sendé, en que tamén se fai referencia a aspectos de diglosia e bilingüismo.
 - Análise dos recursos narrativos no filme *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro, onde se observa a violencia contra a muller e a súa cousificación, no medio dunha relación entre tres amigos da infancia.
 - Difusión de contidos de igualdade e feminismo a través das diversas representacións teatrais que leva a cabo o grupo de teatro do CPI de Cova Terreña, como no caso das obras O mito de Eco e Narciso e *Adolescencia II*.
- O **departamento de Relixión Católica** de Secundaria no curso escolar 2025-2026 ten como un dos seus obxectivos que o alumnado reflexione sobre a dignidade das persoas como seres únicos e irrepetibles. Por iso deben comprender a importancia do respecto á individualidade dende o ensino da Doutrina Social da Igrexa. Haberá preguntas guía e actividades mostrando o que nos di a Biblia sobre a igualdade e a diferenza entre as persoas. Tamén se analizará a valía das persoas, os seus gustos, ideas ou formas de ser distintas. Estas actividades permitirán ver ao alumnado que o respecto a cada persoa é tamén uha esixencia da fe cristiá e da Doutrina Social da Igrexa.
- O **departamento de Educación Plástica e Visual**, no curso de 3º ESO, ten planificado un proxecto para desenvolver na unidade 8, "Imaxes Visuais e Audiovisuais". Para o seu desenvolvemento realizarase unha campaña relacionada coa igualdade de xénero, xa que, a pesar dos avances destes últimos anos, continúan os estereotipos de xénero. A través da fotografía, poñerase en valor a

valentía dos homes e mulleres que non se deixan etiquetar nos roles que se espera deles. O alumnado terá que tomar fotos de mozos e mozas en distintos aspectos da vida, como o deporte, tarefas do fogar, ocio, ... buscando unha reflexión no espectador e rexeitando comentarios sexistas de tipo, "os homes non choran" ou "a prancha é para as mulleres".

5.3.1. Participación en actividades e programas

Desde o **Grupo de Traballo da Biblioteca** desenvolveranse as seguintes accións:

- - A selección de novos fondos bibliográficos terá en conta os gustos e intereses das persoas usuarias, mais tamén promoverá a igualdade e fomentará un espírito crítico en canto á igualdade. As obras escollidas para as distintas actividades (*Club de lectura, Itinerarios lectores*, etc.) buscarán prioritariamente autorías femininas.
- - Colaboración co Departamento de Educación Física na organización da visita da autora Montse Fajardo, referida anteriormente (*Vide supra* páx. 27).
- -En novembro, mes da Ciencia en galego, destacarase o labor da muller na actualidade neste eido.
- -Con motivo do 25N, organizarase unha actividade co alumnado de menor idade, empregando unhas guías dos Bolechas que pretendan abordar a importante lacra que é, na nosa sociedade, a violencia de xénero.
- -Tamén se conmemorará o 11F (*Día da Muller e a Nena na Ciencia*) cunha exposición que poña en valor o traballo da muller neste campo, cada vez menos asociado ao home.
- -Para o 8M, artellarase algún tipo de actividade que contribúa a visibilizar a muller en prol da igualdade.

Dentro do **Plan Proxecta**, con carácter anual, este curso, de novo, o centro participa na actividade interdisciplinar *Quérote+* para o alumnado de 3º de ESO. Consiste nun conxunto de obradoiros que, traballando a orientación e identidade sexual, incide en modelos de relacións afectivo-sexuais respectuosas. Dende o PVAD promóvese un recreo inclusivo.

Solicitouse a participación no **Proxecto de Inclusión Educativa (PIE)** proposto pola Consellería de Educación para continuar coas medidas iniciadas no curso 2024/2025 de integración e benestar emocional.

Continuación do **Comando de Igualdade Comando Cova**.

Participación en Innova-Lab na modalidade 2. **Leo-Lab** con lecturas en fomento da reflexión e a Igualdade.

Participación activa nas **propostas do CIM e a Concellería de Igualdade** polo 25N e 8M.

A Dirección do centro tamén amosa a súa plena disposición coa **ANPA** e con calquera outro organismo ou entidade que traballe na consecución da igualdade de xénero, como unha meta a cumprir dentro dos 17 *Obxectivos Globais da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible*.